

Concello de San Sadurniño Concello de Laxe

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO E O CONCELLO DE LAXE PARA A UTILIZACIÓN, COMO COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA, DAS BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL PARA A COBERTURA DO POSTO DE EDUCADOR/A FAMILIAR.

En San Sadurniño/Laxe, a data electronicamente rexistrada.

REUNIDOS

De unha parte, D. Secundino García Casal, Alcalde-Presidente do CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, actuando en nome e representación do mesmo,

E dona Olalla Alvarez de Neyra Martinez, Secretaria-Interventora do CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, actuando aos efectos de fe pública.

E doutra, D. Jose Luis Pérez Añón, Alcalde-Presidente do CONCELLO DE LAXE, actuando en nome e representación do mesmo.

E, D. Francisco Javier Novoa Juiz, Secretario do CONCELLO DE LAXE, actuando a los efectos de fe pública.

Ambos en uso das competencias atribuídas pola lexislación de Réxime Local, en concreto, o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, en concordancia co artigo 61 da Lei de Administración Local de Galicia 5/1997,

EXPOÑEN

I. Que corresponde aos Concellos a selección dos funcionarios/as interinos/as e persoal laboral, mediante procedementos áxiles que respecten os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, a través da constitución de bolsas de traballo vinculadas ao desenvolvemento das ofertas de emprego público.

II. Que, sen embargo, a actual situación de sobrecarga de traballo nos Concellos, unida aos xa tradicionais escasos medios persoais fan que non sexa posible actuar sempre coa axilidade necesaria para a cobertura temporal de postos por ausencia dos titulares en situación de incapacidade temporal, o que implica unha sobrecarga para o resto do persoal que incide no acometemento destes mesmos procesos; así, ambos Concellos atópanse na situación de necesidade de cobertura temporal dunha praza de Educador/a Familiar – Técnico de intervención familiar, sendo que o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO está preto de finalizar o proceso de formación dunha bolsa de traballo que serviría para cubrir tamén as necesidades do CONCELLO DE LAXE.

III. Que o antedito proceso seguido polo CONCELLO DE SAN SADURNIÑO resulta dun proceso selectivo cuxas bases e convocatorias foron aprobadas por acordos da Alcaldía, e publicadas no BOP de A Coruña, no que se daba cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV. Que a bolsa de emprego temporal a constituírse polo CONCELLO DE SAN SADURNIÑO pode utilizarse indistintamente por ambos Concellos dada a urxencia e necesidade de realizar contratacións temporais que manifesten en cada momento, respectando de este modo os principios de igualdade, mérito e capacidade.

V. Que a axilidade e a economía esixida no funcionamento das Administracións públicas e a eficiencia na utilización dos recursos públicos, fai aconsellable a utilización de ditas bolsas de emprego.

Concello de San Sadurniño Concello de Laxe

Ambas entidades recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para a sinatura do presente Convenio e, na súa virtude, subscriben o presente Convenio de Colaboración ao abeiro do establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente convenio a colaboración entre os dous Concellos na selección de persoal temporal e, no seu caso, o seu posterior nomeamento interino na categoría e/ou grupo de clasificación establecido no artigo 76 do Real Decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. O Concello de SAN SADURNIÑO cederá os datos contidos na bolsa de traballo de selección temporal de Educador/a Familiar para que o Concello de LAXE poida proceder ao nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal para cubrir a necesidade existente pola orde de prelación existente na finalización do proceso.

SEGUNDA.- Natureza do Convenio

O presente Convenio ten unha natureza e carácter xurídico administrativo e carácter de convenio interadministrativo de colaboración.

TERCEIRA.- Obrigas

Corresponde ao Concello de SAN SADURNIÑO a selección do persoal que forma parte das bolsas para a súa cesión ao Concello de LAXE, así como a comunicación de datos necesarios para a contratación laboral ou o nomeamento interino por parte de este, quedando eximido totalmente o Concello cedente das consecuencias de todo tipo derivadas do desenvolvemento e práctica do citado contrato laboral ou nomeamento e calquera responsabilidade que derive do mesmo. En caso de aceptación e consentimento expreso de cesión de datos persoais, o Concello cedente comunicará ao cesionario os datos necesarios para que inicie os trámites para a contratación laboral ou o nomeamento de funcionarios interinos. O nomeamento ou contratación laboral será comunicada ao Concello cedente.

CUARTA.- Tratamento de datos persoais.

Para o cumprimento do presente convenio, o Concello propietario da bolsa deberá ceder ao Concello petionario os datos persoais do aspirante incluído na bolsa, cesión que deberá de adecuarse á Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e ao resto da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, e deberá contar coa autorización expresa do interesado/a, que deberá asinar o consentimento no modelo que habilite ao efecto o Concello cedente, que figura como Anexo ao presente Convenio. Unha vez cedidos os datos, o Concello petionario será o responsable do tratamento dos datos persoais recibidos en aplicación deste convenio, manifestando coa sinatura do mesmo o obrigado cumprimento da normativa vixente nesta materia antes referida.

Ambas partes comprométense a utilizar os datos cedidos exclusivamente para a finalidade de selección e provisión temporal de postos de traballo análogos ao de Educador/a Familiar ou Técnico/a de intervención familiar.

Concello de San Sadurniño Concello de Laxe

QUINTA.- Gastos e funcionamento

O presente Convenio de Colaboración non supón gasto algún para ningunha das partes, sen prexuízo dos derivados das retribucións, custos de seguridade social e outros ligados á contratación ou nomeamento, que serán de conta do Concello que efectúe dita contratación ou nomeamento. O abono dos salarios corresponde ao Concello que, como empregador, proceda á contratación ou nomeamento, así como o pago de gastos por Seguridade Social, previa retención das cantidades correspondentes de I.R.P.F.

A utilización da bolsa por calquera das dúas entidades non implicará que a persoa aspirante perda o seu dereito a ser chamada para traballar no outro Concello asinante do presente Convenio se lle correspondera polo turno que ocupara na bolsa.

SEXTA.- Duración do Convenio

A duración do presente Convenio de Colaboración será anual, podendo ser obxecto de prórroga a petición de calquera das partes e previa subscrición do oportuno documento por un período de ata catro anos adicionais, conforme ao artigo 49 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.- Extinción do Convenio

O convenio extinguirse por vencemento do prazo previsto na cláusula sexta, por incumprimento das obrigas de calquera das partes previa denuncia realizada por escrito cunha antelación mínima dun mes, ou por decisión de calquera das partes fundamentada na existencia de causas que obstaculizan o seu cumprimento. Asemade, quedará extinguido se finalizara o período de vixencia da bolsa de ocupación obxecto do presente convenio. Calquera das partes poderá resolver o presente Convenio, de forma unilateral, sempre que a actuación da outra parte produza ou xenere prexuízo ou danos graves aos intereses municipais, sen prexuízo da esixencia da responsabilidade que se teña podido producir ou derivar.

OITAVA.- Publicidade.

Por ambos Concellos, publicarase Anuncio sobre a subscrición do presente convenio, nos seus respectivos Taboleiros de Anuncios da súa sede electrónica e nas súas webs municipais. O Concello cedente, ademais, realizará unha publicación no Boletín Oficial de A Coruña.

E lido que ten sido o presente convenio e atopado conforme en todas as súas partes, reunidos afirmanse e ratifican no exposto, asinando electronicamente o mesmo na súa data.

O Alcalde-Presidente

O Alcalde-Presidente,

Concello de San Sadurniño

Concello de Laxe

(DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE)

Concello de San Sadurniño Concello de Laxe

ANEXO I

CONSENTIMENTO PARA TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS OBXECTO DA SOLICITUDE

Estimado/a Sr./Sra.: O Concello de San Sadurniño contén unha BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL PARA A COBERTURA DA PRAZA DE EDUCADOR/A FAMILIAR, da que Vd. forma parte. Se lle informa que se ten recibido solicitude doutros Concellos para utilizala, previa subscripción do correspondente Convenio de Colaboración. No caso de que Vd. estivera interesado/a en optar a algún dos postos ofrecidos noutros Concellos, en cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, é necesario que exprese o seu consentimento mediante a sinatura deste documento para a comunicación dos seus datos ás outras entidades locais.

consentimento: O/a asinante do presente documento manifesta coa súa sinatura o seu consentimento libre, expreso, específico, inequívoco e informado para o tratamento e cesión dos seus datos persoais ao Concello de San Sadurniño, así como a súa conformidade para que se inicie proceso de nomeamento ou contratación, no seu caso. Asemade, a sinatura do presente documento supón a aceptación do chamamento da Bolsa de Traballo.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD). O responsable do tratamento dos seus datos de carácter persoal é o Concello de San Sadurniño, con domicilio en O Casal, 16 - San Sadurniño, (A Coruña). A finalidade para a que os seus datos van ser tratados é a xestión de solicitudes de contratación por terceiros. A lexitimación para realizar dito tratamento está baseada no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e o consentimento das persoas interesadas. O Concello que recibe os datos será o responsable do tratamento dos seus datos persoais no seu ámbito de actuación. Os dereitos que Vd. como persoa interesada ostenta consisten en: acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade e (no seu caso) retirada do consentimento prestado que os poderá exercitar ante o Concello de San Sadurniño. En caso de que entenda que os seus dereitos teñen sido desatendidos, pode formular unha reclamación na Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

NOME E APELIDOS		NIF
ENDEREZO		
CODIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA
TELEFONO	MOBIL	CORREO ELECTRONICO

Lugar, data e sinatura:

En _____, a ____ de _____ de _____

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO